

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 17 de decembro de 2014**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Angel Rivas González  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero

**Invitados:**

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas do día dezasete de decembro de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1534).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(1535).- SUBVENCIÓN Á COFRADÍA DO SANTÍSIMO CRISTO DOS AFLIXIDOS DE BOUZAS PARA A CELEBRACIÓN DAS FESTAS DO CRISTO DE BOUZAS, DECLARADAS DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA. EXPTE. 12057/101.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do do 19.11.14, o informe de fiscalización do 5.12.14, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral e o xefe de Protocolo de Relacións Públicas, do 13.11.14, conformado pola concelleira-delegada de Facenda, que di o seguinte:

*En relación á solicitude de subvención formulada pola COFRADÍA DO SANTÍSIMO CRISTO DOS AFLIXIDOS DE BOUZAS (G-36690170), para os gastos da celebración na cidade de Vigo*

*da festa do Cristo de Bouzas, declarada de interese turístico de Galicia, o funcionario que asina, ten a ben informar o seguinte:*

*A Administración conta entre as súas competencias con todas aquelas actividades de carácter lúdico ou cultural que afecten a numerosos grupos de cidadáns, como é o caso presente . Pola contra, non sempre é posible acadar estes fins de xeito directo, aínda máis tendo en conta o variado tecido social da cidade.*

*Deste xeito esta entidade presenta unha solicitude de subvención, que pode ser tramitada con cargo á seguinte partida 912.0.489.00.04 "Outras Subvencións" do orzamento actual, ou á súa bolsa de vinculación, o que non afecta ao normal funcionamento dos servizos.*

*Trátase dunha subvención para un acto único desenvolvido durante este ano, considerado de importancia pola súa transcendencia cultural, lúdica e administrativa recollida de xeito xenérico no art. 25.2.h) da Lei 27/2013, como promoción de actividades turísticas de interese e ámbito local.*

*As Festas do Cristo de Bouzas é unha das celebracións do termo municipal de Vigo máis antigas, remontándose a dous séculos de existencia, sendo por entón a Vila, Concello independente de Vigo e, significou dende entón un polo de atracción cidadán que perdurou durante máis de douscentos anos ata o día de hoxe, polo que foi recoñecida como Festa de Interese Turístico de Galicia, lémbrese por tanto que a primeira tirada de foguería realizouse hai catrocentos anos. Estes feitos foron recoñecidos como "Festa de Interese Turístico de Galicia" dende 2004 (DOGA nº82, do 29 de abril de 2004, páx.6.043), tratándose da única festa popular de Vigo que ostente este galardón.*

*Estas festas supoñen un dos feitos turísticos máis importantes de Vigo, polo que a administración municipal, coñecedora deste feito, amosa o seu interese en participar na promoción da mesma, subvencionando estas festas desde fai máis de 30 anos.*

*A entidade COFRADÍA DO SANTÍSIMO CRISTO DOS AFLIXIDOS DE BOUZAS (G-36690170) aporta a documentación seguinte, necesaria e imprescindible para obter subvención da Administración Local:*

- *Memoria das actividades realizadas.*
- *Orzamento de gasto e de ingresos.*
- *Certificación de carecer de débedas có Concello de Vigo, Facenda pública e Seguridade Social e Facenda da Xunta.*
- *Escrito certificando non contar/contar con outro tipo de axuda.*
- *Copia dos estatutos da cofradía.*
- *Copia do DNI do Cofrade Maior da cofradía.*
- *Copia da acta do nomeamento do Cofrade Maior*
- *CIF da cofradía.*
- *Certificación bancaria.*
- *Declaración xurada responsable.*

*Por tratarse dunha subvención destas características podería ser concedida ó abeiro do art. 22.2.c, da vixente Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, polo seu interese turístico, lúdico e social.*

Por todo o exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

*“Conceder a COFRADÍA DO SANTÍSIMO CRISTO DOS AFLIXIDOS DE BOUZAS (G-36690170) , unha subvención por importe de 20.000 € en concepto de axuda para os gastos ocasionados pola celebración das Festas do Cristo de Bouzas, declaradas de interese turístico de Galicia, e isto con cargo á partida 912.0.489.00.04 “Outras Subvencións” , do orzamento actual, ou bolsa de vinculación, o que non afecta ao normal funcionamento do servizo”*

Todo isto con arreglo ás seguintes

#### ESTIPULACIÓNS:

1. *Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*
2. *Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.  
A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*
3. *A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Subvencións de Galicia.*
4. *A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención ate o 15 de Decembro, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.  
A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos. As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1619/2012, de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención. Se o beneficiario solicitara devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal. Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fis-*

*cais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia mediante os oportunos certificados acreditativos.*

- 5. O beneficiario deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Concello de Vigo e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*
- 6. De conformidade co establecido nos artigos 11c,30 da LSG as facultades de comprobación do proceso de xustificación e, de seguimento e comprobación das actividades subvencionadas propostas, solicitadas por COFRADÍA DO SANTÍSIMO CRISTO DOS AFLIXIDOS DE BOUZAS (G-36690170), serán competencia do servizo de relacións públicas e protocolo da Alcaldía.*
- 7. Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.*
- 8. Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer o beneficiario da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.*
- 9. O beneficiario está informado de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e de máis actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria. Os ditos datos serán tratados e protexidos d'accordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento o Concello de Vigo.*
- 10. O beneficiario poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo.*
- 11. No demais, a concesión da subvención obxecto da presente resolución, rexerase pola Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(1536).- BASES DE SELECCIÓN DE PERSOAS CANDIDATAS A BENEFICIARIAS DO PROGRAMA “VIGO EMPREGA” NAS CATEGORÍAS DE CAPATAZ, OFICIAL E PEÓN. EXPTE. 11357/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 11.12.14, e o informe xurídico do 13.11.14, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 4.11.14, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que di o seguinte:

*O servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, dependente da área de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, entendido como instrumento elaborado para promover o emprego no municipio, a través de distintos programas e prestando especial atención ós colectivos que teñen maiores dificultades para integrarse laboralmente, incide directamente na creación e mellora dos instrumentos de intervención utilizados dende o concello; crea accións de mellora da empleabilidade; mellora a calidade do emprego; promove unha maior seguridade no traballo e reduce a siniestralidade; aumenta o emprendemento e a economía social; mellora as relacións laborais.*

*O programa de formación e inserción laboral “Vigo Emprega” dirixido a inserción de persoas con especiais dificultades, ten como obxectivo facilitarlle ás persoas desempregadas con importantes problemas de renda, os medios adecuados para mellorar a súa capacitación profesional e persoal, mediante a realización de actuacións de mellora da cidade, xa que os seus destinatarios son os colectivos en desvantaxe social, respecto a ingresos económicos, e á adquisición de formación e experiencia no mercado de traballo, realizando para ello as seguintes actuacións:*

*Establecemento de contratos de traballo de seis meses de duración, acompañados de:  
Procesos formativos adaptados ás necesidades dos participantes.  
Accións de información e orientación laboral, tanto individuais como grupais.  
Prospección empresarial, con compañamento e inserción no mercado laboral.*

*Tendo en conta os bos resultados obtidos en anteriores convocatorias:*

- Na convocatoria correspondente ao ano 2008, leváronse a cabo a contratación de 44 peóns, 10 oficiais (albanis, fontaneiros e canteiro), 5 oficiais conductores e 2 capataces.*
- Na convocatoria correspondente ao ano 2010, leváronse a cabo a contratación de 53 peóns, 22 oficiais (albanis, fontaneiros, electricista, conductores e xardineiros), sendo posteriormente ampliada no mes de outubro de 2010 coa contratación de 17 peóns e 4 oficiais de oficios.*
- Na convocatoria correspondente ao ao 2011, se teñen contratado 60 peóns, 29 oficiais (albanis, fontaneiros, electricista, conductores, conductores-palista, carpinteiros metálicos e xardineiros-forestais) e 3 capataces (construción e xardinería-foresal).*
- Na convocatoria correspondente ao ao 2012, se teñen contratado 63 peóns, 35 oficiais (albanis, fontaneiros, electricista, conductores, conductores-palista, carpinteiros metálicos e xardineiros-forestais) e 4 capataces (construción e xardinería-foresal).*
- Nas convocatorias realizadas no ano 2013, se teñen contratado 4 Capataces albanelería, 51 oficiais de oficios e 69 peóns.*
- Nas convocatorias realizadas no ano 2014, se teñen contratado 3 Capataces albanelería, 41 oficiais de oficios e 57 peóns*

*En relación o exposto e seguindo instrucións do Concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, se somete a Xunta de Goberno Local, a seguinte proposta de acordo:*

*Aprobar as “Bases de selección de persoas candidatas a beneficiarias do programa ‘VIGO EMPREGA’ nas categorías de Capataz, Oficial e Peón” que se achegan no Anexo I.*

## **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### ANEXO I

#### BASES PARA A SELECCIÓN DE PERSOAS CANDIDATAS A BENEFICIARIAS DO PROGRAMA DE EMPREGO “VIGO EMPREGA”.

##### 1. INTRODUCCIÓN

*A Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, ven a por en marcha unha nova convocatoria do programa de inserción laboral “VIGO EMPREGA”, para facilitar a inserción laboral de colectivos con dificultades. Esta é a premisa do programa e os seus antecedentes, dende o ano 2001, na progresiva aplicación por parte do Concello de Vigo de políticas de fomento do emprego e mellora da ocupación das persoas desempregadas. As persoas beneficiarias destas accións serán seleccionadas seguindo o criterio fundamental de “necesidade social”, que responde de modo oportuno á idea de promoción do emprego nos colectivos máis necesitados de experiencia no mercado laboral.*

*Na actual situación, as dificultades de inserción están xeralizadas a toda a poboación en idade de traballar, e van dende titulados a persoas con experiencia previa en sectores como automoción, naval, construción ou servizos, ou persoas en busca do seu primeiro emprego. Estas persoas desempregadas posúen un perfil, características e bagaxe profesional con proxección para a consecución de novos empregos, sempre e cando aumente a súa formación, capacitación e melloren as coxunturas económicas e laborais.*

*Por todo elo, o programa debe contribuir a xerar valor engadido, as persoas beneficiarias que participen no programa, axudando a corrixir deficiencias, a aumentar potencialidades, competencias e desenvolver hábitos e actitudes no traballo. Debe ser ademais, dunha aportación económica e experiencia, un pulo á formación que especialice, perfeccione e complemente a experiencia práctica e o perfil profesional das persoas traballadoras.*

*O programa debe ampliar a súa oferta formativa teórica, complementándoa co traballo en obra, e así dotar de experiencia práctica a formación. Esta, debe apostar por a innovación, aplicación de novas técnicas e tecnoloxías, especialización e mellora da profesionalidade dos participantes. A formación articularase dentro do horario laboral. Esta estrutura posibilita dar resposta ás demandas de formación das persoas participantes, adaptándoa tamén, ás demandas do mercado de traballo e ás posibilidades orzamentarias dispoñibles.*

*Isto reflicte a necesidade de implementar medidas de apoio e discriminación positiva, centrada en grupos de idade a partir de 18 anos, que con carácter habitual proceden do mundo laboral, con cargas familiares que precisan apoio e un pulo para mellorar a súa cualificación profesional, tanto para perfeccionar e actualizar os seus coñecementos, como para ampliar as súas capacidades aprendendo novos oficios e reciclándose para introducirse en novos sectores de actividade. O Programa VIGO EMPREGA facilitará a reincorporación ao mercado laboral a persoas que proveñen de sectores altamente castigados pola crise, persoas con habilidades sociais e profesionais suficientes para desenvolver un traballo profesional e con proxección, para a súa incorporación laboral en novas empresas e sectores de actividade.*

*Na actualidade, obsérvase unha tendencia do inicio da recuperación de sectores de actividade como o naval e certos ámbitos da construción, tamén na evolución do paro nos últimos tempos, reflexo evidente dunha situación financeira, económica e laboral esperanzadora. Está obríganos*

a potenciar ao máximo os recursos deste Concello, para continuar implementando medidas que potencien e consoliden a tendencia na recuperación do emprego, apostando, por programas que faciliten a formación e a adquisición de: experiencia, habilidades, coñecementos e actitudes profesionais.

## 2. OBXECTIVOS

A realización de obras e/ou servizos de interese municipal, por persoas que teñen dificultades importantes para atopar emprego. Polo tanto, mellorar a formación e facilitar a adquisición de maiores habilidades profesionais das persoas beneficiarias mellorando así, a súa capacitación e competencia profesional. En definitiva, o paso polo programa, debe contribuir dunha maneira eficaz a aumentar as posibilidades de inserción no mercado laboral, dos traballadores participantes.

O Programa "VIGO EMPREGA" necesita tamén, incorporar un número de oficiais beneficiarios con experiencia profesional e con habilidades formativas que possibiliten a capacitación profesional nos oficios relacionados coa obra civil, a xardinería e os servizos de interese municipal, das persoas beneficiarias na categoría de peón. Tamén achegará unha mellora na profesionalidade por medio da experiencia e da formación complementaria dos capataces e oficiais de oficios que se incorporen ao programa.

Este é un instrumento elaborado para promover o emprego no municipio, prestando especial atención a todos os colectivos que teñen dificultades para integrarse laboralmente. O sector da poboación desempregada é moi extenso, polo que o programa incide directamente na creación e mellora dos instrumentos de intervención deste Concello, creando accións de mellora da empregabilidade e calidade do emprego.

## 3. POSTOS DE TRABAJO

Os postos de traballo a convocar no Programa VIGO EMPREGA, son os de: peóns, oficiais e capataces, e técnicos de apoio, todos eles, beneficiarios/as. O número de postos a seleccionar determinarase no momento da publicación da convocatoria de contratación, unha vez fiscalizadas e feita a correspondente e previa consignación por Intervención e aprobadas pola Xunta de Goberno Local. Os postos de traballo a convocar, son os seguintes:

Auxiliar topógrafo	Oficial carpintería de madeira	Oficial fontanería
Delineante	Oficial carpintería metálica	Oficial mecánica do automóbil
Capataz construción	Oficial condutor	Oficial pintura
Oficial albanelería	Oficial condutor-palista	Oficial xardinería-forestal
Oficial cantería	Oficial desinfección	Peóns construción
Oficial carpintería de aluminio	Oficial electricidade	Peóns Xardinería- Forestal

## 4. DURACIÓN, MODALIDADE E RETRIBUCIÓN.

Duración. - A duración determinada inicial estímase:

- Como máximo 6 meses que coincidirá coa duración da convocatoria do programa VIGO EMPREGA no presente ano, e coas limitacións que se establecen no propio programa de emprego VIGO EMPREGA.
- As persoas traballadoras seleccionadas ao abeiro deste programa temporal, deben cesar en canto remate a devandita convocatoria do programa VIGO EMPREGA, debendo figurar esta

cláusula no apartado correspondente (fin do contrato), do modelo do contrato a formalizar polas persoas beneficiarias seleccionadas.

- Establécese un período de proba para as persoas contratadas de 1 mes de duración.

A formalización, duración e incidencias dos contratos que se realicen finalmente ás persoas aspirantes seleccionadas, estarán suxeitos, aos informes xurídicos da Xefatura de Servizo de Recursos Humanos, do Interventor Xeral, ás limitacións legais establecidas no art. 15.5, do Estatuto dos Traballadores, modificado pola Lei 43/2006, de 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego, vixente dende o 1 de xullo do 2006, (disposición adicional cuarta do RD Lei 5/2006), que fixa como máximo 24 meses nun período de 30, para o mesmo posto de traballo, sexa ou non o mesmo contrato, co informe previo á contratación de dito cumprimento, emitido pola xefatura do servizo que corresponda, así coma ao disposto no Estatuto Básico do Empregado Público, ao Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia e demais lexislación de aplicación, circunstancia da cal se informa ás persoas aspirantes.

Modalidade. - Estímase oportuna a modalidade de contrato de duración determinada de interese social, a xornada completa, cos dereitos e obrigas que leva implícito, en todo caso terase en conta, segundo o tipo e categoría do posto a cubrir, a modalidade, duración e calquera outra incidencia da relación laboral, o que considere oportuno a Xefatura do Servizo de Recursos Humanos en base á lexislación vixente así coma o contido dos informes xurídicos da dita xefatura mailo do Interventor Xeral.

Asimesmo, en calquera caso deberá figurar no obxecto do contrato a denominación e duración do programa de emprego de interese social VIGO EMPREGA para a realización de obras e/ou servizos de interese municipal.

Retribucións. -

- As retribucións serán as establecidas no “Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións”, que se atope en vigor no momento da contratación.
- As establecidas no Capítulo 1, artigo 1.3 do acordo marco de referencia (beneficiarios/as).

## 5. PERFIL DOS POSTOS DE TRABALLO, FUNCÍONS E OBRIGAS

Delineante e auxiliar topógrafo: traballadores beneficiarios, recen titulados menores de 30 anos e en busca do primeiro emprego, desenvolverán funcións de apoio a xefatura de obra, encargados da elaboración de orzamentos de obra, medicións e traballos realizados, e todas aquelas funcións de apoio en colaboración coa dirección do programa e xefatura de obra. O posto de delineante a nivel salarial asimilase a categoría de xefe administrativo e o posto de auxiliar topógrafo á categoría de oficial administrativo tal e como establece o Capítulo 1, artigo 1.3 do acordo marco de referencia (beneficiarios/as)

Capataces traballadores oficiais coa experiencia demostrable en posto de traballo similar e terán ademais das funcións propias de oficial a de colaborar coa xefatura de obra na coordinación de diferentes unidades de traballo en obra, colaboración nos aspectos relacionados coa loxística de transporte e de distribución de traballos e materiais ao grupo de oficiais a cargo, e aspectos relacionados co cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais. Os oficios para os que se ofertarán prazas de capataz de construción.

Oficiais de oficios nas diferentes especialidades que se indican nestas bases. Os oficiais son persoas con experiencia demostrable nos diferentes postos de traballo, con responsabilidades no control dos grupos de traballo, formación, execución dos traballos en obra; e os oficiais condutores, con responsabilidades no desprazamentos de persoas e materiais ás obras.



Peons beneficiarios do programa vigo emprega, serán aquelas persoas, sen necesaria cualificación previa no tipo de traballo a desenvolver, que executarán as tarefas programadas seguindo as indicacións dos seus superiores, adquirindo unha capacitación e experiencia laboral que facilite a súa posterior inserción no mercado de traballo normalizado.

Todas as persoas candidatas seleccionadas para formar parte do Programa "VIGO EMPREGA" deberán obrigatoriamente subscribir un compromiso en virtude do cal, se comprometen a levar a cabo as accións formativas que o equipo técnico considere oportunas, para favorecer a súa posterior inserción laboral. A negativa a subscribilo, suporá a exclusión do proceso selectivo e o seu incumprimento por parte dos/as beneficiarios/as durante o período de contrato poderá ser motivo de cese laboral, é dicir, a rescisión do contrato laboral.

## 6. REQUISITOS BÁSICOS

- Ter 18 anos cumpridos e capacidade legal para ser contratado/a de conformidade coa lexislación vixente.
- Posuir capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais do posto solicitado. Sendo obrigatorio polas persoas candidatas a comunicación expresa das limitacións que poidan condicionar o desenvolvemento habitual das tarefas propias do posto de traballo ao que se presenta. (Informe médico ou certificación positiva do EVO como condición previa á contratación, sen a presentación do informe e a superación da correspondente e previa avaliación médica non serán contratados para a participación neste programa)
- Estar desempregada/o e inscrito/a como demandante de emprego nalgunha das oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia en Vigo na data da convocatoria. Non se admitirán situacións en mellora de emprego.
- Estar empadroadado/a no Concello de Vigo, como mínimo con 24 meses de antigüidade previa a data de publicación da convocatoria.
- Non ter sido contratado/a cunha duración igual ou superior a seis meses no último ano, en ningunha das anteriores convocatorias en algún dos seguintes Programas de Emprego Municipais: UTIL, VIGO EMPREGA, programa de Escolas Obradoiro e Obradoiros de Emprego, e programas de cooperación, ou ter sido contratado como interino nese período, por este Concello.
- Non ter sido sancionado, en calquera dos programas recollidos no parágrafo anterior, por ter incorrido en falta grave ou moi grave.
- Non poderán participar na mesma quenda do VIGO EMPREGA, dúas persoas pertencentes á mesma unidade familiar de convivencia.
- Non poderá ser contratado/a ningunha persoa pertencente á mesma unidade de convivencia familiar dunha persoa beneficiaria da convocatoria inmediatamente anterior do Programa VIGO EMPREGA.
- As persoas estranxeiras non comunitarias deben ter permiso de traballo en vigor, temporal ou permanente en regra, que autorice a traballar, na data da convocatoria, e mantendo esta situación ata o momento da contratación.
- Presentar a documentación requerida polo programa e polo SPEG no prazo establecido.

## 7. FASES DO PROCESO DE SELECCIÓN

- Públícalión na prensa local e taboleiro de anuncios do Concello de Vigo, do inicio do procedemento de selección de candidatos ao programa.
- Realizar a solicitude de persoas candidatas as oficinas do SPEG, segundo os criterios de valoración establecidos nas bases de convocatoria.

- Comprobación da documentación requirida e o cumprimento de requisitos básicos.
- Baremación das persoas candidatas ao proceso de selección
- Realización de entrevistas e proba práctica
- Publicación da listaxe de persoas candidatas seleccionadas e a contratar e listaxe de substitucións para cubrir posibles baixas e/ou renuncias.
- Recoñecemento médico, ás persoas candidatas seleccionadas e ás persoas que teñan acreditada discapacidade mediante certificación de minusvalía. O Servizo de PRL deste Concello solicitará con carácter previo á contratación, o informe EVO onde se acredite a compatibilidade da minusvalía coas tarefas a desenvolver no posto de traballo ao que se presenta. No seu caso, as persoas candidatas deberán presentar certificación médica que acredite o estado físico compatible da persoa candidata que alega enfermidades crónicas, lesións ou problemas de saúde, coas tarefas e funcións a desenvolver no posto de traballo ao que se presenta.
- Formalización dos contratos laborais-temporais, pola Alcaldía-Presidencia.

#### 8. BAREMACIÓN DE CANDIDATOS/AS A BENEFICIARIOS/AS

Dada a natureza e especiais características do Programa VIGO EMPREGA, o procedemento de selección terá en conta as diferentes facetas das persoas beneficiarias candidatas.

Concretamente:

✓ Tentarase unha distribución que permita cando menos a presenza de:

1. 3% persoas con discapacidade que poidan desempeñar as funcións do posto de traballo
2. 30% persoas menores de 30 anos dos que o 50% será o primeiro emprego.
  1. 30% mulleres
3. 19% persoas maiores de 45 anos.
4. 18% persoas paradas de longa duración.
  - Levar un mínimo de 1 ano de antigüidade como demandante na oficina de emprego.
  - Non ter traballado, nos doce meses anteriores á data da convocatoria, máis de 3 meses.

✓ Baremaranse os colectivos segundo o seguinte cadro:

COLECTIVO	PUNTUACIÓN
Persoa discapacitada	1
Muller	1
Xoven entre 18 de 25 anos en busca do 1º emprego	1
Persoa menore de 30 anos.	0,5
Maior de 45 anos	0,5
Desempregado/a de longa duración	0,5
Non ter participado en programas de emprego do Concello de Vigo, nos últimos 5 anos	2

- As persoas candidatas ao posto de peón que non perciban ningunha renda ou subsidio, 1 punto. Persoas candidatas ao posto de oficial, capataz, que non perciban ningunha renda ou subsidio 0,5 puntos.
- ✓ Valoraranse a experiencia laboral, formación e outros méritos, directamente relacionados coa actividade a desenvolver de técnicos, capataces e oficiais.
- Experiencia laboral, imprescindible 2 anos como mínimo na mesma categoría. 0,1 puntos/mes. (máximo 5 puntos)
- Formación (máximo.3 puntos)

Relacionada co posto (recibida ou impartida) .:

Por cada curso de entre 20 e 49 horas	0,10
Por cada curso de entre 50 e 99 horas	0,20
Por cada curso de entre 100 e 199 horas	0,30
Por cada curso de máis de 200 horas	0,40

Relacionada coa Prevención de Riscos Laborais

Curso básico de Prevención de entre 0 e 30 horas	0,20
Curso de Prevención de entre 31 e 50 horas	0,40
Curso de Prevención de máis 50 horas	0,60

Relacionado directamente coa especialidade:

Tarxetas ou carnet profesionais	0,50
---------------------------------	------

## 9. REQUISITOS PARA OFICIAIS, CAPATACES E DELINEANTE E AUXILIAR TOPÓGRAFO.

### Funcións e experiencia mínima

#### POSTO DE DELINEANTE E AUXILIAR TOPÓGRAFO

- Desempeño de funcións de coordinación de traballos relacionados coa execución de obras, medicións, elaboración de presupostos, apoio en funcións de seguimento e control aos membros do equipo técnico.
- Ter unha idade menor de 30 anos sen experiencia mínima no posto e estar en situación de busca do primeiro emprego. As persoas candidatas, a categoría mínima que se valorará neste posto será do grupo de cotización 4 segundo establece o Informe de Vida Laboral e sempre e cando non suestere os 180 días de contrato, nos últimos 2 anos.
- As persoas candidatas nesta categoría deberán presentar o diploma ou certificación de estar en posesión da formación académica correspondente.
- Control e responsabilidade no cumprimento da normativa e instrucións do superior en relación á prevención de riscos laborais.
- Instruír ao persoal no período de formación teórico práctico inicial e en obra nos traballos propios da súa especialidade

#### POSTO DE CAPATAZ

- Distribución do traballo entre o persoal da súa unidade, así como dos instrumentos, maquinaria e materiais necesarios para a súa execución.

- *Programación, coordinación, supervisión e control do persoal ó seu cargo e dos traballos a realizar de acordo coas ordes e instrucións recibidas dos seus superiores xerárquicos.*
- *Control e responsabilidade da cantidade e calidade do traballo realizado, así como da utilización dos instrumentos, maquinaria e materiais empregados.*
- *Control e responsabilidade no cumprimento da normativa e instrucións do superior en relación á prevención de riscos laborais.*
- *Realiza-las actividades que impliquen a responsabilidade dunha unidade de traballo que podan ser realizadas por un ou varios traballadores do seu grupo ou grupos inferiores.*
- *Instruír ao persoal no período de formación teórico práctico inicial e en obra nos traballos propios da súa especialidade.*
- *Colaborar na organización do transporte de persoal e materiais as unidades de obra asignadas.*
- *Posuír a experiencia e/ou formación que acredite a categoría de capataz no oficio correspondente.*
- *Experiencia mínima de 2 anos no mesmo posto e de igual categoría. A categoría mínima que se valorará neste posto será do grupo de cotización 6 segundo establece o Informe de Vida Laboral e que ademáis figure como capataz ou encargado segundo veña recollido nos contratos de traballo, certificados de empresa ou no seu defecto, nóminas.*

#### POSTO DE OFICIAL

- *Funcións de docencia, especialmente no período de formación teórico-práctica inicial, e na execución das diferentes obras e servizos.*
- *Terá a responsabilidade da execución das obras en colaboración cos encargados, xefes de equipo e xefe de obra.*
- *Ter un coñecemento exhaustivo e facer o seguimento das normas no relativo á saúde laboral e á prevención de riscos laborais.*
- *Posuír a experiencia e/ou formación que acredite a categoría de oficial no oficio ao que opta. Valorarase a formación recibida.*
- *Experiencia mínima de 2 anos no mesmo posto e de igual categoría. A categoría mínima que se valorará neste posto será do grupo de cotización 8 segundo establece o Informe de Vida Laboral e como oficial de 1ª ou 2ª, segundo veña recollido nos contratos de traballo, certificados de empresa ou no seu defecto, nóminas.*

#### POSTO DE OFICIAL CONDUTOR/CONDUTOR-PALISTA

- *Funcións de desprazamento e transporte de materiais e persoas ás obras e demais lugares de traballo, coidado de materiais de traballo, en todo tipo de vehículos, dende turismos ata camiións de máis de 3.500 kg, manexo de grúas e guindastres. No caso do palista palas escavadoras e retroescavadoras e coidado de materiais de traballo.*
- *Ter tódolos permisos Profesionais e de conducir, obrigatoriamente B, C, D, E, necesarios para a realización das funcións sinaladas, agas o condutor palista que debe ter como mínimo o carnet de conducir B e C, e os dous anos de experiencia acreditable en manexo de pala mixta, retroexcavadora.*
- *Ter un coñecemento exhaustivo e facer o seguimento das normas no relativo á saúde laboral e á prevención de riscos laborais.*
- *Experiencia mínima de 2 anos como condutor de vehículos ou no seu caso no manexo de pala escavadora. A categoría mínima que se valorará neste posto será do grupo de*

cotización 8 segundo establece o Informe de Vida Laboral e como oficial de 1ª ou 2ª segundo veña recollido nos contratos de traballo, certificados de empresa ou no seu defecto, nóminas.

#### 10. CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DE BENEFICIARIOS/AS.

A Xunta de Goberno Local, a proposta do Servizo de desenvolvemento local e Emprego, determinará no momento da convocatoria de selección de beneficiarios/as:

1. Aprobar o número de persoas beneficiarias a contratar en cada posto de traballo do programa "VIGO EMPREGA".
2. Nomear a Comisión de Selección conforme se establece no punto 12 das presentes bases.
3. A Comisión de Selección realizará as entrevistas e/ou probas prácticas aos candidatos e candidatas remitidos polo Servizo Público de Emprego que superen os baremos mínimos aprobados pola Xunta de Goberno Local.
4. Baremación dos expedientes persoais/profesionais
5. Entrevista persoal (máximo 2 puntos)
  - Realizaráselles ás persoas candidatas e nela valoraranse os aspectos ocupacionais de adecuación ao programa.
  - Os puntos obtidos nesta fase sumaranse ó resto das puntuacións acadadas, sempre que a persoa candidata obteña a calificación de "apto/a". Consideraránse "non apta" as persoas candidatas que obteñan unha puntuación igual ou inferior a 1 punto. Sen esta calificación de "apto" na entrevista, a persoa candidata será excluída do proceso de selección
6. Proba práctica (máximo 4 puntos)
  - So accederán a esta fase, as persoas candidatas que teñan superado a fase de entrevista coa nota que a comisión de selección estableza como nota de corte.
  - A Comisión de Selección proporá as probas prácticas relacionadas coas funcións e tarefas do posto ofertado. No caso de obter unha puntuación igual ou inferior a 1 punto, considerarse "non apto" e quedará excluída do proceso de selección.
7. Publicación das listaxes de admitidos a contratar e listaxe de suplentes.

#### 11. LISTAXES DE SUBSTITUCIÓN.

As persoas candidatas/os que non foran contratadas e tiveran superado o proceso selectivo, formarán parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, aos efectos de poder ser contratados para substitucións ou renuncias doutros/as traballadores/as", para este programa de emprego e para postos de igual categoría e cualificación.

#### 12. COMISIÓN DE SELECCIÓN

O órgano de selección terá carácter colexiado, actuando tódolos membros con voz e voto, a excepción do secretario/a, e comparecerán a título individual en cumprimento do art. 60, da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

##### Composición:

- O Xefe do Servizo de Desenvolvemento Local, Emprego do Concello de Vigo.
- Un/ha funcionario/a do Concello de Vigo ou dos seus organismos autónomos que actuará como Secretaria/o.

- Tres técnicos/as funcionarios/as ou persoal laboral fixo do Concello de Vigo ou dos seus Organismos Autónomos.

Poderán nomear asesores especialistas na materia, que comparecerán a título individual e cumprindo co disposto no art. 60 do EBEP.

A/O secretaria/o, preferentemente da rama xurídica, intervirá con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia dos exames e actas, elaboración de actas e acordos e informe xurídico en relación cos recursos administrativos que poidan presentarse contra os actos e acordos do órgano de selección. Igualmente deberá realizar as funcións previstas no artigo 25 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999.

Tódolos membros da Comisión de Selección serán nomeados polo Concelleiro Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado cos titulares e suplentes correspondentes, con titulación igual ou superior a do posto ofertado, debendo comparecer todos eles a título individual e cumprindo co estipulado no art. 60 do Estatuto Básico do Empregado Público.

O órgano de selección en canto á súa composición e funcionamento, deberá respectar obrigatoriamente o disposto no artigo 60 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público así coma calquera outra normativa legal vixente de aplicación.

Da valoración que a Comisión de Selección realice dos/as candidatos/as, emitirase Acta co listado do persoal seleccionado.

A Comisión de selección contará co asesoramento técnico do persoal funcionario do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego que estime necesario.

A participación neste proceso selectivo implica aceptar a utilización dos datos persoais das persoas candidatas a Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, exclusivamente para os fins que se definen nestas bases de convocatoria, cumprindo os requisitos establecidos no Real Decreto 1720/2007 do 21 de decembro polo que se aproba o regulamento da Lei 15/1999 do 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal.

### 13. OUTRA INFORMACIÓN PARA AS PERSOAS CANDIDATAS.

A formalización, duración e incidencias dos contratos que se realicen finalmente aos aspirantes seleccionados, estarán suxeitos, (ademáis do estipulado no aptdo 4 dunha duración temporal propia do programa "VIGO EMPREGA" por convocatoria, dun máximo de 6 meses), as limitacións legais establecidas no art. 15.5, do Estatuto dos Traballadores, modificado pola Lei 43/2006, de 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego, vixente dende o 1 de xullo do 2006, (disposición adicional cuarta do RD Lei 5/2006), que fixa entre outros que a duración dos contratos das persoas aspirantes seleccionadas: máximo 24 meses nun período de 30, para o mesmo posto de traballo, sexa ou non o mesmo contrato, circunstancia da cal se emitirá informe previo á contratación pola xefatura do servizo que corresponda, sobre dito cumprimento dos aspirantes seleccionados, e ademais ó disposto no Estatuto Básico do Empregado Público, ó Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia e demais lexislación de aplicación, formalizándose o contrato só ás persoas aspirantes seleccionadas que cumpran cos requisitos expostos, circunstancia da que se informa aos/as aspirantes.

- Fotocopia do informe de discapacidade e/ou incapacidade  
emitido polas entidades competentes, nos casos en que proceda, e a discapacidade sexa igual ou superior ao 33%. O Servizo de PRL deste Concello solicitará con carácter previo á contratación, o informe EVO onde se acredite a compatibilidade da minusvalía coas tarefas a desenvolver do posto de traballo ao que se presenta. No caso de enfermidades crónicas, lesións ou problemas de saúde, as persoas candidatas, deberán presentar certificación médica que acredite o estado físico compatible, da persoa candidata coas tarefas e funcións a desenvolver no posto de traballo ao que se presenta.

- *Máis información:*

*Poderán consultarse as bases do proceso de selección nas dependencias do programa VIGO EMPREGA (no Parque Central de Servizos do Concello), así como na páxina web <http://www.hoxe.vigo.org>, e no taboleiro de anuncios do Concello.*

**4(1537).- PROPOSTA DE ADDENDA AO “CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR” PARA A XESTIÓN DO “CENTRO DE EMERXENCIA PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO”. EXPTE. 3603/224.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 11.12.14, e o informe xurídico do 5.12.14, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade, do 15.12.14, conformado pola concelleira delegada de dito servizo, que di o seguinte:

*Con data 21/11/2008 o Concello de Vigo e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar asinaron un convenio de colaboración para a xestión do Centro de Emerxencia para Mulleres Víctimas de Violencia de Xénero (CEMVI).*

*O Centro de Emerxencia para mulleres en situación de violencia de xénero é un centro integrado na Rede Galega de Acollemento que ten como finalidade proporcionar aloxamento inmediato e de curta estancia ás mulleres e ás persoas delas dependentes, que se atopen inmersas nunha situación de malos tratos e garantirles un acollemento de emerxencia, que permita unha rápida intervención en necesaria coordinación co equipo de profesionais que integran o Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller e mentres se valora a súa situación e/ou se efectúa unha derivación a outro dispositivo máis axeitado.*

*Segundo a cláusula terceira do convenio, o Concello cede ao Consorcio o uso do inmovible situado na rúa Pintor Lugrís, núm.5 de Vigo e o equipamento e mobiliario detallado no inventario anexado. O Consorcio asumirá a xestión integral do centro e farase cargo de todos os gastos derivados do seu financiamento e equipamento, comprometéndose o Consello a contribuír a ditos gastos cunha achega de 266.000,00€ ao ano.*

*A duración deste convenio estableceuse en 10 anos desde a data da sinatura, coa posibilidade de prórrogas anuais, se ningunha das partes se opoñen, ata unha duración máxima de 20 anos.*

*Atendendo ao disposto na Disposición adicional terceira da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Pública, propónse á aprobación da adenda que se incorpora a este convenio na que se procede a adaptar o convenio ao rexime da Lei 27/2013 incorporando nela una evaluación sobre a necesidade e o interese que teñen ambas administracións en continuar na cooperación no exercicio das competencias, xustificando a colaboración e cooperación para a prestación do servizo e a súa financiación conxunta así como a non existencia de duplicidades.*

*Mediante escrito de data 10/10/2014 o Concello de Vigo solicita ao Consorcio a adaptación do convenio da xestión do CEMVI ao Disposto na Disposición Adicional terceira da Lei 5/2004. O 27 de novembro de 2014 o Concello recibe resposta do Consorcio na que dí non estimar necesario a adaptación do antedito convenio, se ben, no caso de que o Concello así o estimase o Consorcio comunica que a avaliación que fai no que atinxe á continuidade da xestión do*

CEMVI nos termos previstos no Convenio subscrito entre as partes o 21 de novembro de 2008 é positiva.

Asemade, e froito das negociacións entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e a Concellería de Igualdade realizadas nas xuntanzas da comisión de seguimento do convenio, na addenda que se propón, tamén se recolle unha minoración da achega municipal nunha contía anual de 25.000,00€. Polo exposto, trala aprobación desta adenda, a financiación municipal do ano 2014 e seguintes pasa de 266.000,00/ano a 241.000,00€/ano, polo que deberá liberarse do AD 2516 a contía minorada.

A nova aportación susténtase pois nas negociacións de ambas entidades co obxecto de que a Administración Municipal minore o esforzo económico, toda vez que este Centro de Emerxencia atende ás mulleres de toda a Comunidade Autónoma e desde as primeira xuntanzas de coordinación entre o Consorcio e o Concello valorouse a idoneidade de xestionar coas Deputacións Provinciais e a Secretaría Xeral de Igualdade para que cofinanciaran este Centro , e de conseguilo, as novas achegas repercutirían na financiación municipal, diminuindo o compromiso de gasto desta administración.

Tal e como se establece na cláusula sexta da addenda, o Consorcio acadou financiación da Secretaría Xeral de Igualdade e por tal motivo minórase a achega municipal . Esta minoración non afecta ao gasto total do CEMVI e tal e como queda establecido na mesma cláusula sexta, esta minoración da achega municipal non afectará ao normal funcionamento do servizo, manténdose o número de postos e xornadas das traballadoras (empregadas do Consorcio Galego), o número de prazas e os períodos de estadía das usuarias.

Atendendo á instrucción 1/2014 de Intervención Xeral en relación á aplicación da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa citada Lei 27/2013, este servizo xestor informa de que a addenda que se propón aprobar refírese a unha actuación, (a xestión do Centro de Emerxencia para mulleres vítimas de Violencia de xénero) xa establecida pola Concellería de Igualdade en exercicios anteriores, pois o expediente de referencia 3603-224 data de 2008, ano no que se aproba o convenio de colaboración entre o Consorcio e o Concello e desde entón o gasto sufrágase con cargo á mesma partida presupostaria da Concellería de Igualdade: "Centro de Emerxencia" 2311 2279900, polo que se xustifica a continuidade que require a norma.

Polo devandito, unha vez subsanadas as cuestións sinaladas no informe da xefa do Servizo de Fiscalización de data 11/12/2014, e previo o informe favorable de Asesoría Xurídica e de Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

1º. Aprobar a addenda do convenio entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Vigo para a xestión do Centro de Emerxencia para Mulleres en situación de Violencia de Xénero co obxecto de adaptalo ao rexime da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Pública.

2º.- Minorar a achega municipal nunha contía de 25.000,00€ por acordo de ambas entidades, polo que, a achega municipal será desde o exercicio 2014 de 246.000,00€ /ano con cargo á partida orzamentaria 2311 2279900.

3º. Aprobar o texto, que de seguido se dí:

**ADDENDA AO CONVENIO ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE VIGO PARA A XESTIÓN DO CENTRO DE EMERXENCIA PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO**



Con data de 21 de novembro de 2008 foi asinado o Convenio de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Vigo para a xestión do Centro de Emerxencia para mulleres vítimas de violencia de xénero (CEMVI)

Atendendo ao disposto na Disposición adicional terceira da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Pública, propónse á aprobación da adenda que se incorpora a este convenio na que se procede a adaptar o convenio ao rexime da Lei 27/2013 incorporando nela unha avaliación sobre a necesidade e o interese que teñen ambas administracións en continuar na cooperación no exercicio das competencias, xustificando a colaboración e cooperación para a prestación do servizo e a súa financiación conxunta así como a non existencia de duplicidades.

Asemade, e froito das negociacións entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e a Concellería de Igualdade realizadas nas xuntanzas da comisión de seguimento do convenio, na addenda que se propón, tamén se recolle unha minoración de 25.000,00€ na achega anual do Concello de Vigo.

Tras diversas conversas mantidas, e sen prexuízo do recollido nas súas cláusulas, ambas partes coinciden na necesidade de acordar unha addenda ao devandito convenio nos seguintes termos:

#### XUSTIFICACIÓN e AVALIACIÓN

A Violencia de Xénero constitúe a manifestación mais extrema da desigualdade entre os xéneros e é necesario por parte dos poderes públicos e das Administracións unha intervención firme e contundente para erradicala.

A Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero articula medidas dirixidas a reforzar os servizos sociais de información, atención, emerxencia, apoio e recuperación integral, así como o establecemento dun sistema para a eficaz coordinación dos servizos existentes a nivel municipal e autonómico. Establece o dereito das mulleres vítimas de violencia a servizos de atención, de emerxencia, de apoio, de acollida e de atención integral. A organización destes servizos por parte das Comunidades Autónomas e Corporacións Locais responderá aos principios de atención permanente, atención urxente, especialización de prestacións e multidisciplinariedade profesional.

O Centro de Emerxencia para mulleres en situación de Violencia de Xénero de Vigo (CEMVI) integrado na Rede Galega de Acollemento, ten como finalidade proporcionar aloxamento inmediato e de curta estancia ás mulleres e a súa prole que se atopen inmersas nunha situación de malos tratos e garantir-lles un acollemento de emerxencia mentres se valora a súa situación, se inicia o tratamento e/ou se efectúa unha derivación a outro dispositivo máis axeitado.

O Centro garante unha atención continuada as usuarias todos os días do ano, incluídos sábados, domingos e festivos.

O Centro de Emerxencia ten como obxectivos xerais:

- Protexer a muller e súa prole e/ou persoas dependentes con vínculo afectivo ofrecéndolle un espazo seguro e inmediato que evite novos episodios de malos tratos
- Proporcionar unha residencia temporal que cubra as necesidades básicas e de seguridade ante unha situación de crise ou emerxencia vital e de ruptura de vínculos co agresor
- Ofrecer un espazo temporal e os apoios profesionais nas áreas persoal, familiar, psicolóxica, xurídica e social integral para favorecer a toma de decisións.
- Facer visible socialmente e na comunidade o problema da violencia de xénero e denunciar a inxustiza social que supón a violencia de xénero.

- Favorecer a adquisición de independencia e autonomía persoal das mulleres, ofrecendo os recursos oportunos ó seu momento vital e contribuir á súa total recuperación
- Facer unha efectiva coordinación de recursos e lograr unha detección de casos e unha intervención máis áxil e eficiente

O Centro de Emerxencia ten como obxectivos específicos:

- Reducir o estres e a sintomatoloxía asociada á situación de emerxencia
- Iniciar a construción da demanda por parte da muller de xeito personalizado
- Iniciar os tratamentos profesionais axeitados polo propio centro ou polos dispositivos que correspondan, a través das oportunas derivacións

Este Centro é un servizo social especializado de primeiro nivel de atención. Recibe ingresos de mulleres de todas as provincias de Galicia que necesitan un tempo e un espazo de atención, seguridade e protección ante situacións de maltrato. Desde a súa posta en funcionamento en 2009 ata o 30 de setembro de 2014 ingresaron 272 mulleres e 206 menores.

As características específicas deste servizo fanno único en todo o territorio da Comunidade Autónoma Galega, no existindo duplicidades nos servizos que presta por parte doutros servizos de información ou acollemento da rede galega. Supón unha especificidade única en torno a un proxecto dunha relevante singularidade e que non responde de forma específica a ningunha actividade xenérica da administración.

A avaliación do Consorcio e do Concello de Vigo no que atinxe á continuidade da xestión do CEMVI nos termos previstos no convenio subscrito entre as partes con data 21 de novembro de 2008 e no previsto no texto desta addenda é positiva.

#### PRIMEIRA.- ESTADÍA NO CENTRO

A estadía no CEMVI será a determinada pola equipa do mesmo, tendo en conta a natureza do propio Centro ( Centro de Emerxencia), coas peculiaridades sinaladas na súa regulamentación, sen prexuízo de aumentar e rebasar o período de estancia, por mor de características singulares, ata o máximo de seis meses.

#### SEGUNDA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

A Comisión de Seguimento do convenio, prevista na súa cláusula sexta, terá a seguinte composición:

Por parte do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar: O xerente e a coordinadora ou persoa que realice ditas funcións do CEMVI.

Por parte do Concello de Vigo: a concelleira de Igualdade e a xefa do Servizo de Igualdade.

A Comisión reunirse cando menos dúas veces ao ano a pedimento de calquera das partes. Destas reunións redactarase a correspondente acta.

#### TERCEIRA.- COORDINACIÓN COA EQUIPA TECNICA DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE

Sen prexuízo das reunións da comisión de seguimento, persoal do CEMVI reunirse cando menos unha vez ao mes, como se ven a facer de maneira regular nos últimos tres anos, coa equipa do CIM.

Nestas reunións o CEMVI dará conta das mulleres ingresadas no centro o mes anterior; e o CIM comunicará o seguimentos das mulleres que saíran do CEMVI e que elas leven, así como posibles antecedentes que existiran tanto na Casa de Acollda ou no CIM de mulleres que estean ingresadas no CEMVI.

Todas as semanas comunicarase ao Concello de Vigo, os ingresos e saídas de mulleres de Vigo que se produzan no CEMVI.

#### CUARTA.- RESERVA DE PRAZAS.

Continuaranse garantido o acceso ao CEMVI das mulleres viguesas vítimas de violencia de xénero e as persoas dependentes delas que o necesiten, seguindo os cauces marcados ata o de agora.

#### QUINTA.- CESIÓN DE DATOS.

A posta a disposición da información sinalada no apartado terceiro, coordinación entre o CEMVI e a equipa técnica da Concellería de Igualdade supón unha cesión de datos contidos no ficheiro USUARIAS DO CEMVI do que é titular o CGSIB, así como dos datos contidos no ficheiro "Usuarias CMIDM" do que é titular o Concello de Vigo.

Polo tanto é un suposto de comunicación de datos entre administracións públicas sobre competencias que versan sobre a mesma materia regulado no art. 21 da LOPD, polo que cada entidade será responsable do deber de recadar o consentimento da persoa usuaria ao que se refire o art. 11 da LOPD.

A cesión de información procedente do CGSIG ten coma finalidade exclusiva o adiantar ás técnicas do Concello a información de aquelas persoas usuarias que pasarán ou poderán pasar a calquera dos seus dispositivos, tanto de acollida, como de información; así como finalidades estatísticas.

A cesión de información procedente do CONCELLO ten coma finalidade exclusiva, o coñecer antecedentes e historias de persoas usuarias do CEMVI neses momentos; así como o progreso e marcha das persoas que estiveron no CEMVI e que foron derivadas a calquera servizo do Concello relacionado coa materia; así como finalidades estatísticas.

Calquera outro que se faga destes datos suporá un incumprimento do presente convenio, que facultará a calquera entidade a pedir as responsabilidades oportunas; así como responderá de calquera reclamación derivada do emprego indebido que se faga por parte dos titulares dos datos cedidos.

#### SEXTA.- ACHEGAS ECONÓMICAS

Para o ano 2014 e seguintes, o Concello comprométese a contribuír aos gastos do Centro cunha achega de 241.000 euros, contía que se estima adecuada para atender ás necesidades do Centro, tendo en conta os gastos derivados do seu funcionamento e a contía que se achega pola Secretaría Xeral de Igualdade ao Consorcio, que é de 50.000 euros.

Esta minoración da achega municipal non afectará ao funcionamento normal do servizo, manténdose o número de postos e xornadas das traballadoras do Consorcio, o número de prazas e os períodos de estadía das usuarias.

#### SÉTIMA.- DIFUSIÓN

En toda a información e difusión do servizo figurará o logo do Concello de Vigo e da Concellería de Igualdade. O deber de informar e difundir o financiamento do Concello de Vigo estenderase a todo o material impreso e audiovisual que se edite: impresos, memorias, roldas de prensa, páxinas web ou calquera outra forma de difusión.

E en proba de conformidade cos termos desta addenda, as partes comparecentes asínano e rubricano por triplicado exemplar no lugar e data expresados.

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de 2014

O XERENTE DO CONSORCIO GALEGO DE  
SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR  
Roberto Rodríguez Martínez

O ALCALDE  
DO CONCELLO DE VIGO  
Abel Caballero Álvarez"

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **5(1538).- APROBACIÓN CERTIFICACIÓN FINAL DE OBRA "PROXECTO DE REFORZO DA CAPA DE RODADURA DO FIRMA DA AVDA. DO TRANVÍA PK 3+140 A PK 3+890. EXPTE. 70546/250.**

Dáse conta do informe-proposta do director facultativo das obras de referencia, do 12.12.14, conformado polo asesor xurídico da Área, o concelleiro delegado da Área de Fomento e o interventor xeral, que di o seguinte:

*A Consellería do Medio Rural e do Mar a través da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) e mediante o Plan Marco Programa de mellora de camiños de titularidade municipal 2013-2014, financiado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do PDR de Galicia 2007-2013, concedeu subvención ao Concello de Vigo para a execución das obras do "Proxecto de reforzo da capa de rodadura do firme da Avda. do Tranvía PK 3+140 a PK 3+890" por importe de 66.818,49 euros, cantidade que se corresponde co presuposto do proxecto IVE excluído*

*O presuposto do proxecto contempla unicamente dúas unidades de obra: m<sup>2</sup> barrido previo da superficie a pavimentar, e m<sup>2</sup> estendido de mestura bituminosa na superficie de 6.923,55 m<sup>2</sup>.*

*As obras foron adxudicadas á mercantil NAROM S.L. por acordo da Xunta de Goberno Local de data 29 de xullo de 2014. As obras foron executadas, medidas, certificadas e abonadas, remitíndose a AGADER entre outra documentación copia da Acta de recepción das obras, certificación das mesmas, factura do adxudicatario e documentos acreditativos do pago realizado.*

*O día 13 de novembro de 2014 persoaronse no Concello de Vigo D. Julián Alvira Siero e D. Francisco Tomico Santos, en representación de AGADER, para realizar visita de control do expediente tramitado para a execución das obras do proxecto "Reforzo da capa de rodadura do firme da Avda. do Tranvía PK 3+140 a PK 3+890", para as que o Concello de Vigo acolléndose ao Plan Marco Mellora de Camiños de Titularidade Municipal financiado co Fondo Europeo Agrícola de Desenrolo Rural (Feader), no marco do PDR de Galicia 2007-2013 solicitou no seu día a correspondente subvención.*

*Inicialmente realizouse visita ao ámbito das obras para inspección "in situ" das mesmas. Previamente a que D. Julián Alvira Siero e D. Francisco Tomico Santos procederan á realización das medicións da obra executada e a fin de facilitar o seu labor, D. Agustín Rodríguez Carballo director facultativo, facilitou as medicións das obras realizadas no seu día tralas súa finalización.*

*D. Julián Alvira Siero e D. Francisco Tomico Santos, realizaron as medicións da obra, comprobando que coincidían coas facilitadas anteriormente pola dirección facultativa.*

*Posteriormente, nas dependencias do Concello de Vigo, ao analizar a documentación administrativa, detectouse que as medicións certificadas facturadas e abonadas coinciden coas*

do proxecto 6.923,55 metros cadrados e non coas realmente executadas, facilitadas pola dirección facultativa 5.401,25 metros cadrados.

Detectado o erro, polos intervinientes na visita de inspección foi levantada a correspondente acta, na que se recollen as circunstancias descritas, e o compromiso por parte da dirección facultativa, de realizar as actuacións precisas para subsanar o erro cometido e proceder por parte do Concello de Vigo a reclamar ao contratista adxudicatario as cantidades que procedan. Achégase da Acta.

Os importes erroneamente certificados e abonados, correspondentes as medicións previstas no proxecto, e os importes correspondentes a da medición realmente executada, son os que se indican a continuación.

	MEDICION PROXECTO E CERTIFICACIÓN REALIZADA	MEDICION REALMENTE EXECUTADA	DIFERENZA
SUPERFICIE m2	6.923,55	5.401,25	1.522,30
IMPORTE EXECUCION MATERIAL	56.149,99	43.804,14	12.345,85
19 % G.G. e B.I.	10.668,50	8.322,79	2.345,71
SUMA EXECUCION CONTRATA	66.818,49	52.126,93	14.691,56
BAJA 21,55 %	14.399,38	11.233,35	3.166,03
IMPORTE ADXUDICACION	52.419,10	40.893,58	11.525,52
IVA 21,00 %	11.008,01	8.587,65	2.420,36
TOTAL IMPORTE CERTIFICACION	63.427,12	49.481,23	13.945,89

Con data 17 de novembro a empresa adxudicataria recibiu notificación das circunstancias descritas, dándosele trámite de audiencia.

Con fecha 24 de novembro NAROM S.L. presentou escrito no Rexistro Xeral deste Concello, no que manifesta que emitira no seu día factura de acordo coa certificación facilitada pola Dirección Facultativa, e que tras proceder as correspondentes comprobacións, púidose verificar o erro cometido, mostrando conformidade coas medicións realizadas da obra realmente executada, que coinciden coas expostas no cadro precedente.

Polo exposto e previo informe da intervención municipal, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA

Primeiro.- Aprobar a certificación final de obra de data 28 de novembro de 2014, con un importe negativo, IVE incluído de 13.945,89 €.

Segundo.- Solicitar do contratista adxudicatario das obras, que previa emisión da correspondente factura de abono por importe de 13.945,89 euros, correspondente a unha base imponible de 11.525,52 euros e un IVE de 2.420,36 euros, proceda a reintegrar ao Concello de Vigo dos importes indicados.

Terceiro.- Notificar a AGADER o presente acordo, para a súa anexión á documentación remitida para a xustificación da inversión realizada, presentada no Rexistro Portelo Único Concello de Vigo (Pontevedra), con fecha 30 de setembro de 2014.

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **6(1539).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN OBRAS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE “EXECUCIÓN DE BEIRRARRÚAS NA RÚA SAA-BEADE”. EXPTE. 2600/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 16.12.14, dáse conta do informe-proposta do 16.12.14, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, que di o seguinte:

*A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 15 de decembro de 2014, realizou entre outras, as seguintes actuacións:*

*5.- Propostas de adxudicación.*

*b) Procedemento aberto para a contratación das obras de execución de beirarrúas na rúa Saa” (expediente 2600-440)*

### LEXISLACIÓN APLICABLE

- *Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto das obras de execución de beirarrúas na rúa Saa (PCAP).*

### ANTECEDENTES

*Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do día 28 de novembro de 2014, adoptou o seguinte acordo:*

*“Primeiro: Dar conta da exclusión da empresa ENDENOR S.L. acordada pola Mesa de Contratación de 20 de novembro de 2014 xa que a proposta técnica contida no sobre B de esta empresa non esta asinada electronicamente nin se acompaña unha declaración escrita do licitador, sinalando que o contido do soporte dixital aportado se corresponde coa proposición do sobre de que se trate.*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “Procedemento aberto para a contratación daas obras de execución de beirarruas na rúa Saa”. (expediente 2600-440), no seguinte orde decrecente:*

1	CONSTRUCCIONES VALE, SL.	92,30
2	UTE ACEVI S.L-MONTAJES IGLESIAS	85,36
3	OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, SA.	79,59
4	EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR, SL.	79,47
5	SERGONSA SERICIOS, S.L.	78,73
6	COPCISA; SA:	78,20
7	DESMACO S.L.	77,68
8	CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A.	72,84
9	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO SLU.	71,59
1 0	PRACE SERVICIOS Y OBRAS SL.	71,58
1 1	STRADIA INFRAESTRUCTURAS SL.	70,18
1 2	HORDESCON, S.L.	64,63
1 3	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	55,54
1 4	NATURGALIA, S.L.	54,08

Terceiro.- *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES VALE, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- *Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- *A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Póliza do seguro de responsabilidade civil de acordo co apartado 13.a) das FEC.*
- *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Declaración responsable designando o seu delegado coas funcións descritas na cláusula 27.11 do PCAP.*
- *Compromiso de adscrición á execución do contrato dos medios persoais e materiais esixidos no apartado 6 E das FECles se comprometeu na súa oferta.*

Cuarto.- *Requirir ao citado licitador o aboamento de 668,04 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.*

Segundo.- *Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar o día 28 de novembro de 2014, que presenta a documentación requirida en data 12 de decembro de 2014, dentro do prazo sinalado.*

Terceiro.- Revisada a documentación presentada na sesión da Mesa de contratación de data 15 de decembro de 2014, e dado que esta é correcta, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda propoñer ó órgano de contratación a adxudicación do presente procedemento.

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarse ós licitadores e, simultaneamente, publicarse no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CONSTRUCCIONES VALE, S.L., á vista dos informes do xefe de Área de Fomento de datas 25-11-2014 e 27-11-2014, valorando os criterios non avaliábeis mediante fórmula e os criterios avaliábeis mediante fórmula e establecendo a puntuación final respectivamente. Estes informes poderán consultarse no perfil do contratante do Concello de Vigo.

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, SE PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar á CONSTRUCCIONES VALE, S.L., o procedemento aberto para a contratación das obras de execución de beirarrúas na rúa Saa por un prezo de 67.844,18 euros (IVE engadido) e coas seguintes prestacións adicionais:

- Incrementa o prazo de garantía en 108 meses.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



**7(1540).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN OBRAS PARA A EXECUCIÓN DO “PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA AVDA. CASTRELOS, ENTRE AVDA. PORTANET E CLARA CAMPOAMOR. EXPTE. 2590/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 16.12.14, dáse conta do informe-proposta do 16.12.14, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, que di o seguinte:

*A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 15 de decembro de 2014, realizou entre outras, as seguintes actuacións:*

*5.- Propostas de adxudicación.*

a) *Procedemento aberto para a contratación das obras de Humanización da Avda de Castrelos entre Avda Portanet e Clara Campoamor (expediente 2590-440)*

LEXISLACIÓN APLICABLE

- *Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto das obras de humanización da Avda de Castrelos entre Avda Portanet e Clara Campoamor (PCAP).*

ANTECEDENTES

*Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión do día 3 de decembro de 2014, adoptou o seguinte acordo:*

*“Primeiro.- Propoñer a exclusión de COPCISA, S.A., do procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da Avda. de Castrelos entre Avda. Portanet e Clara Campoamor por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados.*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da Avda de Castrelos entre Avda Portanet e Clara Campoamor” (expediente 2590-440), no seguinte orde decrecente:*

	LICITADOR	PUNTUA- CIÓN
1	Oreco, S.A.	91,10
2	Prace, servicios y obras, S.A.	91,07
3	UTE Acevi, S.L. - Iglesias.	90,75
4	Construcciones Vales, S.L.	87,11
5	Stradia Infraestructuras, S.L.	85,60
6	Abilleira, Construcciones y Proyectos Avanzados.	85,37
7	Extraco, S.A.	83,08

	LICITADOR	PUNTUA- CIÓN
8	Construccións, Obras e Vías, S.A.	82,72
9	Oresa, S.A.	81,79
10	Construcciones Orega, S.L.	78,80
11	Narom, S.L.	77,91
12	Excavaciones y obras melchor, S.L.	77,25
13	Unika, Proyectos y Obras, SAU.	75,35
14	Desmaco, S.L.	72,77
15	Construcciones Ramírez, SLU.	63,77
16	Hordescon, S.L.	58,90
17	Emergis Construcción, S.L.	56,93
18	Movimiento de áridos y construcciones Arosa, S.L.	54,82
19	Arias Hermanos construcciones, S.A.	54,43
20	Obras y construcciones Dios, S.A.	53,35

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Póliza do seguro de responsabilidade civil por un importe mínimo de 600.000 euros.
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Declaración responsable designando o seu delegado coas funcións descritas na cláusula 27.11 do PCAP.
- Compromiso de adscrición á execución do contrato dos medios persoais e materiais esixidos no apartado 6 E das FEC.

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 681,96 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar o día 4 de decembro de 2014, que presenta a documentación requirida en data 12 de decembro de 2014, dentro do prazo sinalado.

Terceiro.- Revisada a documentación presentada na sesión da Mesa de contratación de data 15 de decembro de 2014, e dado que esta é correcta, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda propoñer ó órgano de contratación a adxudicación do presente procedemento.

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ORECO, S.A., á vista dos informes do xefe de Área de Fomento de datas 20-11-2014, 21-11-2014, 25-11-2014, 01-12-2014 e 02-12-2014. Estes informes poderán consultarse no perfil do contratante do Concello de Vigo.

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, SE PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar á ORECO, S.A., o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da Avda de Castrelos entre Avda Portanet e Clara Campoamor por un prezo de 170.826,91 euros (IVE engadido) e coas seguintes prestacións adicionais:

- Incrementa o prazo de garantía en 100 meses.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **8(1541).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN OBRAS DE “HUMANIZACIÓN ROSALÍA CASTRO FASE I”, ENTRE REPÚBLICA ARGENTINA E CANCELEIRO. EXPTE. 2619/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 17.12.14, dáse conta do informe-proposta do 16.12.14, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, que di o seguinte:

A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 15 de decembro de 2014, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

#### 5.- Propostas de adxudicación.

- c) Procedemento aberto para a contratación das obras da rúa Rosalía de Castro Fase 1 (expediente 2619-440)

## LEXISLACIÓN APLICABLE

- *Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto das obras da rúa Rosalía de Castro Fase 1 (PCAP).*

## ANTECEDENTES

*Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do día 3 de decembro de 2014, adoptou o seguinte acordo:*

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “Procedemento aberto para a contratación das obras da rúa Rosalía de Castro Fase 1. (expediente 2619-440), no seguinte orde decrecente:*

1	ORECO, S.A.	93,07
2	COPCISA, S.A.	87,77
3	PETROLAM, A VEIGA, S.L.	85,31
4	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	84,86
5	UTE UNIKA, PROYECTOS Y OBRAS, SAU. - OVIGA.	84,79
6	STRADIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.	82,23
7	UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA – OGMIOS PROYECTO, S.L.	81,69
8	CIVISGLOBAL, S.L.	81,68
9	CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	80,75
10	ACCIONA INFRAESTRUCTURAS, S.A.	77,42
11	EXTRACO, S.A.	76,87
12	UTE CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO SLU – FERROVIAL AGROMAN, S.A.	75,89
13	DESMACO, S.L.	75,52
14	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, SLU.	75,46
15	DRAGADOS, S.A.	74,07
16	ORESA, S.A.	73,26
17	CONSTRUCCIONES ALEA, S.L.	72,86
18	CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A.	71,57
19	HORDESCON, S.L.	52,68
20	ARIAS HERMANOS CONSTRUCCIONES, S.A.	46,73
21	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	41,56
22	EMERGIS CONSTRUCCION, S.L.	35,32

23	ARCEBANSA, S.A.	28,87
----	-----------------	-------

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO, S.A. para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- *Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- *A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Póliza do seguro de responsabilidade civil por un importe mínimo de 600.000 euros.*
- *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Declaración responsable designando o seu delegado coas funcións descritas na cláusula 27.11 do PCAP.*
- *Compromiso de adscrición á execución do contrato dos medios persoais e materiais esixidos no apartado 6 E das FEC.*

*Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 695,88 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.*

*Segundo.- Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar o día 4 de decembro de 2014, que presenta a documentación requirida en data 12 de decembro de 2014, dentro do prazo sinalado.*

*Terceiro.- Revisada a documentación presentada na sesión da Mesa de contratación de data 15 de decembro de 2014, e dado que esta é correcta, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda propoñer ó órgano de contratación a adxudicación do presente procedemento.*

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

*Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).*

*Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.*

*Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).*

*A oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ORECO, S.A., á vista dos informes do xefe de Area de Fomento de datas 20-11-2014, 21-11-2014, 26-11-2014 e 03-12-2014. Estes informes poderán consultarse no perfil do contratante do Concello de Vigo.*

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, SE PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar ORECO, S.A., (expediente 2619-440), o procedemento aberto para a contratación das obras da rúa Rosalía de Castro Fase 1 por un prezo de 1.305.000 euros (IVE engadido) e coas seguintes prestacións adicionais:

- Incrementa o prazo de garantía en 100 meses.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **9(1542).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DE “MELLORAS E RENOVACIÓN DE EQUIPAMENTOS DE PISTA DEPORTIVA DE MESTRE PRUDENCIO RODRÍGUEZ DIOS 1”. EXPTE. 7787/446.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 17.12.14, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, da mesma data, conformado polo concelleiro-delegado de Parques e Xardíns, que di o seguinte:

Obra: “MELLORAS E RENOVACIÓN DE EQUIPAMENTOS EN PISTA DEPORTIVA DE MESTRE PRUDENCIO RODRÍGUEZ DIOS 1”. Expte. 7759/446

Localidade e situación: Alameda Mestre Prudencio Rodríguez Dios (Coia)

Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO.

Autor/a do proxecto: D. LUIS VILAR MONTORO (VILAR MONTORO INGENIERÍA, SL.).

Dirección facultativa: DNA. MARÍA FERREIRO NÚÑEZ

Contratista titular do plan: IMA PRODUCTOS TÉCNICOS, SL.

Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: D. LUIS VILAR MONTORO (VILAR MONTORO INGENIERÍA, SL.).

Autor/a do plan de seguridade e saúde no traballo: Liliana Mouteira Salgado

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra: Roberto Pérez Prol

Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:

-Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro, do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro e do Real Decreto 337/2010, de 19 de marzo.

Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propoer a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizos de Prevención e o plan de xestión de residuos reúne as condicións requiridas polo R.D. 105/2008, para propoer a súa aceptación.

En consecuencia ao anteriormente indicado, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

*Aprobar o plan de Seguridade e Saúde da obra "MELLORAS E RENOVACIÓN DE EQUIPAMENTOS EN PISTA DEPORTIVA DE MESTRE PRUDENCIO RODRÍGUEZ DIOS 1".*

Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria IMA PRODUCTOS TÉCNICOS S. L., a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **10(1543).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DE "MELLORAS E RENOVACIÓN DE EQUIPAMENTOS DE PISTA DEPORTIVA DE HISPANIDADE". EXPTE. 7790/446.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 17.12.14, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, da mesma data, conformado polo concelleiro-delegado de Parques e Xardíns, que di o seguinte:

*Obra: "MELLORAS E RENOVACIÓN DE EQUIPAMENTOS EN PISTA DEPORTIVA DE HISPANIDADE". Expte. 7762/446*

*Localidade e situación: Vigo-Rúa Hispanidade*

*Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO.*

*Autor/a do proxecto: D. LUIS VILAR MONTORO (VILAR MONTORO INGENIERÍA, SL.).*

*Dirección facultativa: DNA. MARÍA FERREIRO NÚÑEZ*

*Contratista titular do plan: REFORVIGO SL.*

*Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: D. LUIS VILAR MONTORO (VILAR MONTORO INGENIERÍA, SL.).*

*Autor/a do plan de seguridade e saúde no traballo: JOSÉ SOLIÑO COMESAÑA*

*Coordinador/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou compoñentes da dirección facultativa da obra: Roberto Pérez Prol.*

Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:

*-Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro, do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro e do Real Decreto 337/2010, de 19 de marzo.*

*Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propor a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizos de Prevención e o plan de xestión de residuos reúne as condicións requiridas polo R.D. 105/2008, para propor a súa aceptación.*

*En consecuencia ao anteriormente indicado, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:*

*Aprobar o plan de Seguridade e Saúde da obra "MELLORAS E RENOVACIÓN DE EQUIPAMENTOS EN PISTA DEPORTIVA DE HISPANIDADE".*

*Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria REFORVIGO S. L., a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervintes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **11(1544).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DE "MELLORAS E RENOVACIÓN DE EQUIPAMENTOS DE PISTA DEPORTIVA DE VALADARES". EXPTE. 7792/446.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 17.12.14, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, da mesma data, conformado polo concelleiro-delegado de Parques e Xardíns, que di o seguinte:

*Obra: "MELLORAS E RENOVACIÓN DE EQUIPAMENTOS EN PISTA DEPORTIVA DE VALADARES". Expte. 7758/446.*

*Localidade e situación: Vigo-Alameda de Valadares*

*Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO.*

*Autor/a do proxecto: D. LUIS VILAR MONTORO (VILAR MONTORO INGENIERÍA, SL.).*

*Dirección facultativa: DNA. MARÍA FERREIRO NÚÑEZ*



*Contratista titular do plan: DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, SL.*

*Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: D. LUIS VILAR MONTORO (VILAR MONTORO INGENIERÍA, SL.).*

*Autor/a do plan de seguridade e saúde no traballo: Julio César Moreno Martínez*

*Coordinador/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra: Roberto Pérez Prol*

*Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:*

*-Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro, do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro e do Real Decreto 337/2010, de 19 de marzo.*

*Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propoer a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizos de Prevención e o plan de xestión de residuos reúne as condicións requiridas polo R.D. 105/2008, para propoer a súa aceptación.*

*En consecuencia ao anteriormente indicado, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:*

*Aprobar o plan de Seguridade e Saúde da obra "MELLORAS E RENOVACIÓN DE EQUIPAMENTOS EN PISTA DEPORTIVA DE VALADARES".*

*Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS S. L., a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey.